



# XXIV FEIRA DE ARTESANÍA DO CONCELLO DE TUI

Bases de Participación e de Información 2022

## I. ORGANIZACIÓN

O Concello de Tui, en colaboración coa Asociación Galega de Artesáns, organiza a XXIV Feira de Artesanía, cos obxectivos de apoiar a comercialización do produto artesán, coa convocatoria dun máximo de 40 postos de venda directa, a promoción e a difusión da actividade artesá, achegándoa ao público dun xeito claro e preciso, así como a dinamización do Conxunto Histórico, do Centro Comercial Aberto e da Cidade de Tui, no eido comercial, social e cultural.

### A organización:

- Facilitará un posto de venda a cada artesán / artesá (**ver debuxo**).
- Non dotará aos postos de infraestrutura en caso de inclemencias meteorolóxicas adversas.
- Non se fará responsable do material exposto, dos danos e perdas que poidan causar ao seu propio produto tanto en horario de feira como fóra dela.
- Editará publicidade precisa da feira para a súa difusión.
- Programará actividades complementarias para un maior reclamo de asistentes e participantes.
- Obrigatoriedade do uso de tea de cor beixe claro na decoración do posto.

O Concello declina toda responsabilidade no caso de que por causas alleas a súa vontade, circunstancias imprevistas ou de forza maior, variaran as circunstancias de celebración da Feira ou se suspendese a súa celebración.

A participación na Feira de artesanía obriga á aceptación destas Bases de Participación e das decisións que adopte a organización na súa interpretación, ou en todos os aspectos non regulados especificamente no articulado.

## 2. DATAS E HORARIOS

A Feira de Artesanía do Concello de Tui celebrarase dende o **sábado 14 ata o martes 17 de maio**, en horario de **12:00 h a 21:00 h**.

## 3. ZONAS DE EXPOSICIÓN E VENDA

A Feira desenvolverase entre a rúa Ordóñez, a praza de San Fernando e a praza do Concello.

## 4. SOLICITUDE E CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitud de participación** presentarase mediante o [formulario en liña dispoñible](#) en [www.tui.gal](http://www.tui.gal) cumprimentándoo en todos os seus apartados.

As solicitudes deberanse presentar antes das **23:59 horas do domingo 1 de maio**. Xunto coa solicitud, as persoas solicitantes deberán remitir ao correo [comercio@tui.gal](mailto:comercio@tui.gal) entre 4 e 6 fotografías representativas dos seus produtos. **A solicitud non será válida se non se acompaña do envío das fotografías.**



# XXIV FEIRA DE ARTESANÍA DO CONCELLO DE TUI

## Bases de Participación e de Información 2022

Pechado o prazo de solicitude, a organización comunicará aos propios artesáns e artesás aceptados a súa inclusión nesta nova edición.

Tras seren informados da proposta de adxudicación, as persoas seleccionadas deberán confirmar a súa participación e **remitir á organización, no prazo máximo de 5 días:**

- Copia do DNI ou do CIF, segundo o caso.
- Copia da Carta de Artesán en vigor.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos, se é o caso.
- Xustificante de que a sociedade/autónomo cumpre coa normativa laboral en referencia ao traballador ou traballadores que van atender o posto, se é o caso.
- Xustificante de alta no IAE.
- Póliza e recibo de pago de Seguro de Responsabilidade Civil, que debe cubrir a súa participación na feira..
- Declaración responsable de estar ao corrente de pagos en Facenda e Seguridade Social.
- Para novos artesáns, solicitude de alta no IAE, ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
- Xustificante do depósito da fianza.

## 5. SELECCIÓN E FIANZA

1. **Na selección dos expositores darase prioridade ás solicitudes** con razón social no Concello de Tui e comarca así como artesáns e artesás tradicionais populares. **Ademais valorarase:**

- A calidade, singularidade e carácter diferencial da produción.
- A variedade de oficios representados na feira.
- Obradoiro radicado en Galicia.
- Presenza dos titulares á fronte do seu posto durante a feira.
- Ofrecemento de realización de obradoiros para o público.

As pezas que se poderán expoñer serán estritamente artesanais, polo que non se admitiran expositores de pezas elaboradas con técnicas semi-industriais. Está terminantemente prohibida a exposición ou venda de pezas non artesanais, aínda que figuren entre unha maioría de pezas que si o sexan.

2. **A participación na feira é de balde para expositores e visitantes.** Unha vez adxudicados os postos e confirmada a participación, todos os expositores deberán depositar unha fianza **de 50€ na conta de ABANCA ES46 2080 0011 9530 4000 7891** da Asociación Galega de Artesáns, que recuperarán íntegra ao remate da Feira sempre que non concorran algunha das seguintes causas:

- Cancen a súa participación, con independencia das causas.
- Produzan danos o mobiliario ou infraestruturas proporcionadas pola organización. Se o importe dos danos producidos é superior ao da fianza, o expositor deberá aboar a diferenza.
- Expoñan para a venda pezas non artesanais.



# XXIV FEIRA DE ARTESANÍA DO CONCELLO DE TUI

## Bases de Participación e de Información 2022

- Non cumbran as normas e horarios de montaxe e recollida que fixe a organización.
- Non cumbran os horarios de apertura e peche ao público da Feira recollidos nestas Bases, ou os que, no seu caso, poida decidir a organización por causas de forza maior.
- Non colaboren para favorecer o desenvolvemento da Feira, sempre en beneficio do conxunto dos expositores e do público asistente.

3. A organización reservase o criterio de aceptación dos participantes, como o dereito da expulsión de calquera participante que altere a normal convivencia entre artesáns, público e organización, así como, a súa distribución na zona de venda, intentando adaptarse as condicións de exposición para cada modalidade de artesanía.

## 6. INFORMACION COMPLEMENTARIA

Para aclaración de dúbidas e realización de consultas, as persoas interesadas poden dirixirse por escrito ao correo electrónico de [comercio@tui.gal](mailto:comercio@tui.gal).

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN  
i.gal/tui-inscripcion-feiraartesanias-2022](http://i.gal/tui-inscripcion-feiraartesanias-2022)

### Imaxe da Feira



### Posto da Feira

- Taboleiro e tellado en madeira. Soppres de cruceira en ferro.

